

RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS PARA CONTACTOS DE CASOS DE VARÍOLA DO MONO (MONKEYPOX)

Co fin de limitar a transmisión do virus Monkeypox (MPX) e diminuír o número contaxios toda persoa que teña coñecemento de ser un contacto dun caso do MPX debe seguir estas recomendacións preventivas de seguimento ata pasados 21 días do último contacto co caso:

- Realizar autocontrol da súa temperatura dúas veces ao día.
- No caso de presentar febre o calquera outro síntoma compatible coa enfermidade¹, deberán illarse no domiciliario de inmediato, e contactar de forma urxente co responsable do seguimento. Neste caso, o contacto será considerado como caso en investigación hasta que se dispoña do resultado do laboratorio.
- Os contactos non realizarán corentena, pero deben extremar as precaucións e reducir todo lo posible las interaccións sociais.
- Usarán de forma constante a máscara e evitarán actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade con outras persoas (por exemplo, comer ou beber en presenza doutras persoas). No caso de NON poder facer un uso adecuado da máscara, recoméndelle o uso constante da mesma ás persoas que vaian estar con vostede.
- Estarán localizables durante todo o período de seguimento.

¹ *Síntomas compatibles co virus MPX*: febre, dor de cabeza intenso, dores musculares, cansazo e, máis tarde, lesións na pel.